



## **BASES DO CONCURSO DE CARTEIS DAS XXI XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR”**

### **1. Obxecto**

O obxecto destas bases é a regulación do concurso de carteis anunciadores das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” que terán lugar o 10, 11 e 12 de xullo, e ten coma finalidade que alumnado dos centros de ensino municipais, así como, aqueles colectivos que traballan con persoas con diversidade funcional do Concello de Muros, expresen de xeito creativo o seu concepto e/ou as súas vivencias das xornadas “Muros Mira ao Mar”.

### **2. Participantes**

Poderá participar todo o alumnado de todos os centros educativos do municipio e aqueles colectivos que traballen con persoas con diversidade funcional do concello de Muros. Os traballos poderán ser individuais ou colectivos.

### **3. Características e xeito de presentación das obras**

#### **a. Características:**

Non se establecen límites na composición artística nin nas técnicas empregadas nas obras que se presenten. Os traballos serán preferentemente de tamaño A3 e non poderán incluír elementos tridimensionais, debendo presentarse en formato plano. As obras deberán ser orixinais e inéditas.

#### **b. Lema:**

Na parte traseira dos traballos figurará un lema, que servirá para preservar a identidade da súa autoría e o nivel da etapa educativa á que pertence. Nun sobre anexo pechado constará o mesmo lema no exterior e no seu interior os datos referidos á autoría: nome completo da/s autorías, centro educativo/ocupacional e curso.

#### **c. Tema:**

O tema central das XXI Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar” será “Un mar de fala”, unha proposta que fai referencia ás expresións, léxico e formas de falar propias do mundo mariñeiro. Este tema preséntase como elemento de inspiración, polo que os traballos non teñen a obrigaón de facer referencia directa a el, aínda que será valorado positivamente.

### **4. Premios**

Seleccionarase un traballo gañador de cada ciclo educativo e de cada colectivo que traballe con persoas con diversidade funcional. Entre todas as obras premiadas escollerase unha como gañadora absoluta, que será a que se editará como cartel anunciador das xornadas.

O premio poderá quedar deserto se o xurado considera que a calidade das obras presentadas non é suficiente, ou se as características non se adaptan para a súa reprodución.



Cada un dos 1º clasificados recibirá un diploma conmemorativo e un agasallo. O premio para a obra gañadora consistirá nun vale de compra para un establecemento comercial do municipio por un valor de 150,00 €.

## **5. Lugar e prazo de presentación**

Os traballos presentaranse nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros ata o 30 de abril de 2026.

## **6. Xurado**

Estará formado por:

- Alcaldía ou persoa na que delegue
- 2 persoas da comisión organizadora das xornadas
- 1 persoa representante de cada centro educativo participante
- 1 persoa representante das entidades que traballen con persoas con diversidade funcional

O xurado reunirse para emitir o fallo do concurso o xoves 7 de maio ás 18:00 h nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

## **7. Obra gañadora**

A obra gañadora representará a imaxe da XXI edición das Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”, polo que serán cedidos todos os dereitos de reprodución ao Concello.

A participación leva implícita a autorización para que na súa reprodución se inclúan os anagramas das entidades colaboradoras, así como, pequenas adaptacións para que se axuste aos diferentes materiais que se editen.

## **8. Traballos non premiados**

Todos os traballos presentados poderán ser expostos ao público durante a celebración das xornadas. As obras non premiadas poderán ser recollidas polas súas autorías nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros entre os meses de agosto e outubro de 2026.

## **9. Publicidade**

Estas bases e o traballo gañador anunciarase na páxina web do Concello de Muros e no taboleiro de anuncios do Concello de Muros.

## **10. Aceptación**

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.